Entre outros instrumentos de mellora, no marco da planificación normativa, recóllese no artigo 132 LPAC a obriga, para o conxunto das Administracións Públicas de facer público, con carácter anual, un Plan Normativo que terá por obxecto conter as iniciativas legais ou regulamentarias que vaian ser elevadas para a súa aprobación no ano seguinte e que, unha vez aprobado, deberá publicarse no Portal da Transparencia, en coherencia coas obrigas de publicidade activa da información de relevancia xurídica disposta no artigo 7 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Esta planificación normativa ex ante complétase coa precisa avaliación normativa asociada a toda ferramenta de planificación, nos termos establecidos no artigo 130 LAPC, ao contemplar a obriga de revisión periódica da normativa vixente para a adaptación aos principios de boa regulación e para comprobar a medida na que as normas en vigor acadaron os obxectivos previstos e se estaba xustificado e correctamente cuantificado o custe e as cargas impostas nas mesmas. Aos ditos efectos, o resultado da avaliación plasmarase nun informe que se fará público, co detalle, periodicidade e polo órgano que determine a normativa reguladora municipal.

Solicitado por esta Concellería informe ao Secretario do Pleno en relación co procedemento de aprobación de ordenanza de administración electrónica do Concello de Vigo, sinálase polo mesmo a competencia do Pleno da Corporación para a aprobación do Plan Anual Normativo. Á vista do contido do dito informe así como do carácter transversal da Secretaria do Pleno en relación coa

ASINADO POR: Secretaria Do Goberno Local (M Concepción Campos Acuña) 2017-03-02T13:04:33+01:00 - Concelleira-secretaria Da Xunta De Goberno Local (Olga Alonso Suárez) 2017-03-03T10:30:11+01:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2017-03-03T10:59:00+01:00 -

Documento asinado

totalidade de áreas e servizos municipais, dende a Comisión técnica do Plan de Transformación Dixital considerouse axeitada a súa designación como instrutor do expediente administrativo para a aprobación do Plan Anual Normativo.

Polo exposto, e conforme á Resolución de delegación de competencias da Alcaldía de data 19 de xuño de 2015 e modificacións posteriores, pola que corresponden á Concellería Delegada de Xestión Municipal e Administración Electrónica as competencias en materia organizativa e de administración electrónica, acordos da Xunta de Goberno Local de 19 de xuño de 2015 e de 4 de novembro de 2016, citado nos antecedentes, así como conforme á delegación de competencias efectuada pola Alcaldía por Resolución de data 19 de xuño de 2015 de "aprobación de calquera programa, plan, proxecto, campaña ou promoción de actividades e/ou servizos de competencia municipal, mesmo as que se realicen para a dirección e impulso dos servizos"

**RESOLVO:**

**Primeiro.-** Nomear ao Secretario do Pleno, José Riesgo Boluda, instrutor do expediente administrativo para a elaboración e aprobación do Plan Anual Normativo do Concello de Vigo, que conlevará a instrución para o expediente de avaliación normativa.

**Segundo.-** A instrución deberá levarse conforme ás previsións do Título VI da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e demais normativa de aplicación.

**Terceiro.**- Notificar a presente resolución ao interesado, á Comisión Técnica do Plan de Transformación Dixital e ao conxunto das áreas e servizos municipais mediante a súa inserción na Intranet municipal

**Cuarto.-** Dar conta da mesma á Xunta de Goberno Local e publicidade a través do Portal de Transparencia, nos termos da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á información pública e Bo Goberno.

**Acordo**

A Xunta de Goberno local queda informada.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.

ASINADO POR: Secretaria Do Goberno Local (M Concepción Campos Acuña) 2017-03-02T13:04:33+01:00 - Concelleira-secretaria Da Xunta De Goberno Local (Olga Alonso Suárez) 2017-03-03T10:30:11+01:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2017-03-03T10:59:00+01:00 -

Documento asinado

ASINADO POR: Secretaria Do Goberno Local (M Concepción Campos Acuña) 2017-03-02T12:58:54+01:00 - Concelleira-secretaria Da Xunta De Goberno Local (Olga Alonso Suárez) 2017-03-03T10:30:12+01:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2017-03-03T10:59:04+01:00 -

Documento asinado

Concello de Vigo

**Dª. OLGA ALONSO SUÁREZ, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO**

**C E R T I F I C O**: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión **ordinaria do 2 de marzo de 2017**, adoptou o seguinte acordo:

**17.- PROPOSTA PARA A APERTURA DO TRÁMITE DE CONSULTA PÚBLICA PARA A APROBACIÓN DA ORDENANZA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 88/1102.**

Dáse conta do informe-proposta do 27/02/17, asinado pola secretaria do Goberno Local, polo xefe de Administración Electrónica e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

**I.** A Xunta de Goberno Local en sesión de data 4 de novembro de 2016 adoptou o seguinte acordo:

***Primeiro.-*** *Impulsar a elaboración do Plan de Transformación Integral da administración municipal do Concello de Vigo, coa finalidade de deseñar un marco de actuación estratéxico na aliñación das diferentes obrigas legais no desenvolvemento da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.*

***Segundo.-*** *A dirección política do Plan corresponderalle ao Concelleiro Delegado de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, quedando facultado para a adopción das medidas executivas e de desenvolvemento que resulten precisas.*

***Terceiro.-*** *Constituír, a efectos de garantir a realización dos traballos materiais precisos, a Comisión Técnica do Plan, que se integrará por:*
*O Xefe do Servizo de Administración Electrónica, D. Antonio Villanueva Guimeráns*
*A Titular da Asesoría Xurídica Municipal, Dna. Margarita Parajó Calvo*
*A Secretaría do Goberno Local, Dna. Mª Concepción Campos Acuña*
*O Tesoureiro Municipal, D. Luis García Álvarez*
*A Xefa de Servizo de Inspección de Tributos, Dna. Mª del Carmen Pazos Area*

*que poderá propoñer ao órgano competente a adopción das medidas necesarias para garantizar a consecución dos obxectivos previstos no Plan.*

***Cuarto.-*** *Todas as áreas e servizos municipais deberán colaborar no desenvolvemento dos traballos de elaboración, desenvolvemento e execución do Plan, e cando así resulte oportuno, a Comisión Técnica proporá ao Concelleiro responsable a constitución, mediante a respectiva resolución, de Grupos de Traballo Sectoriais nos que deberán integrarse, alomenos, os responsables das áreas e servizos municipais afectados, aos que corresponderá a*

*responsabilidade na tramitación dos expediente que afecten ao seu ámbito competencial que se deriven do Plan, coa correspondente emisión de informe-proposta e seguimento na súa execución.*

***Quinto.-*** *De resultar necesario, para a concreción deste Plan, o despregue de produción normativa local á que resulte de aplicación o tramite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, esta desenvolverase, con carácter previo á redacción do texto normativo, a través de https://consulta.vigo.org/, durante un prazo de 20 días hábiles.*

***Sexto.-*** *Dar traslado do presente acordo aos afectados, notificar individualmente a todos os Xefes de Área e de Servizo e ordenar a súa publicación na Intranet municipal, na Sede electrónica municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, para asegurar o xeral coñecemento do mesmo pola cidadanía e do conxunto da organización municipal.*

**II.** Tras a posta en marcha da Comisión Técnica e no marco do desenvolvemento dos seus traballos resulta precisa a aprobación dunha Ordenanza de Administración Electrónica do Concello de Vigo, e a tal fin, abrir o trámite de consulta pública para recollido no apartado Quinto di dito acordo, en consonancia co establecido no a*rtigo 133* LPAC en relación coa participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango de Lei e regulamentos, conforme ao que:

***1.*** *Con carácter previo a la elaboración del proyecto o anteproyecto de ley o de reglamento, se sustanciará una consulta pública, a través del portal web de la Administración competente en la que se recabará la opinión de los sujetos y de las organizaciones más representativas potencialmente afectados por la futura norma acerca de:*

–***a)*** *Los problemas que se pretenden solucionar con la iniciativa.*
–***b)*** *La necesidad y oportunidad de su aprobación.*
–***c)*** *Los objetivos de la norma.*
–***d)*** *Las posibles soluciones alternativas regulatorias y no regulatorias.*

***2.*** *Sin perjuicio de la consulta previa a la redacción del texto de la iniciativa, cuando la norma afecte a los derechos e intereses legítimos de las personas, el centro directivo competente publicará el texto en el portal web correspondiente, con el objeto de dar audiencia a los ciudadanos afectados y recabar cuantas aportaciones adicionales puedan hacerse por otras personas o entidades. Asimismo, podrá también recabarse directamente la opinión de las organizaciones o asociaciones reconocidas por ley que agrupen o representen a las personas cuyos derechos o intereses legítimos se vieren afectados por la norma y cuyos fines guarden relación directa con su objeto.*

***3.*** *La consulta, audiencia e información públicas reguladas en este artículo deberán realizarse de forma tal que los potenciales destinatarios de la norma y quienes realicen aportaciones sobre ella tengan la posibilidad de emitir su opinión, para lo cual deberán ponerse a su disposición los documentos necesarios, que serán claros, concisos y reunir toda la información precisa para poder pronunciarse sobre la materia.*

***4.*** *Podrá prescindirse de los trámites de consulta, audiencia e información públicas previstos en este artículo en el caso de normas presupuestarias u organizativas de la Administración General del Estado, la Administración autonómica, la Administración local o de las organizaciones*

ASINADO POR: Secretaria Do Goberno Local (M Concepción Campos Acuña) 2017-03-02T12:58:54+01:00 - Concelleira-secretaria Da Xunta De Goberno Local (Olga Alonso Suárez) 2017-03-03T10:30:12+01:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2017-03-03T10:59:04+01:00 -

Documento asinado

*dependientes o vinculadas a éstas, o cuando concurran razones graves de interés público que lo justifiquen.*
*Cuando la propuesta normativa no tenga un impacto significativo en la actividad económica, no imponga obligaciones relevantes a los destinatarios o regule aspectos parciales de una materia, podrá omitirse la consulta pública regulada en el apartado primero. Si la normativa reguladora del ejercicio de la iniciativa legislativa o de la potestad reglamentaria por una Administración prevé la tramitación urgente de estos procedimientos, la eventual excepción del trámite por esta circunstancia se ajustará a lo previsto en aquella.*

**III.** Por Resolución desta Concellería de data 23 de febreiro de 2017, acordouse encomendar ao Secretario do Pleno a instrución do expediente administrativo para a elaboración e aprobación do Plan Anual Normativo do Concello de Vigo, que conlevará a instrución para o expediente de avaliación normativa, recollido no artigo 132 LPAC, e que deberá recoller, entre as normas a incluír, a aprobación Ordenanza de Administración Electrónica do Concello de Vigo, sen prexuízo da vinculación do dito instrumento á posterior avaliación normativa recollida no artigo 130 LPAC.

**IV.** Polo exposto, e conforme á Resolución de delegación de competencias da Alcaldía de data 19 de xuño de 2015 corresponden á Concellería Delegada de Xestión Municipal e Administración Electrónica as competencias en materia de Administración Electrónica, sinaladamente, entre outras, a de propor e coordinar a política municipal TIC dunha forma transversal, integrando os intereses das distintas áreas ou servizos, polo que, de conformidade coas mesmas, e o acordo da Xunta de Goberno Local de 4 de novembro, citado nos antecedentes, e conforme á delegación de competencias efectuada pola Alcaldía por Resolución de data 10 de xuño de 2015 de "*aprobación de calquera programa, plan, proxecto, campaña ou promoción de actividades e/ou servizos de competencia municipal, mesmo as que se realicen para a dirección e impulso dos servizos*" formúlase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

**Primeiro.-** Abrir o trámite de consulta pública *previsto no artigo 133 da* Lei 39/2015, para a aprobación dunha Ordenanza de Administración Electrónica do Concello de Vigo, a través de https://consulta.vigo.org/, durante un prazo de 20 días hábiles, para que a cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren poidan facer chegar as súas opinións acerca dos aspectos que figuran recollidos no Anexo I ao presente acordo.

**Segundo.-** Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Administración Electrónica para a posta en marcha do trámite de consulta a través da sede electrónica municipal.

**Terceiro.-** Notificar o presente acordo aos membros da Comisión Técnica do Plan, aos Grupos de Traballo, e dar publicidade do mesmo a través da Intranet municipal, sede electrónica e Portal de Transparencia

ASINADO POR: Secretaria Do Goberno Local (M Concepción Campos Acuña) 2017-03-02T12:58:54+01:00 - Concelleira-secretaria Da Xunta De Goberno Local (Olga Alonso Suárez) 2017-03-03T10:30:12+01:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2017-03-03T10:59:04+01:00 -

Documento asinado

## ANEXO I.- Consulta pública

| | |
|---|---|
| Antecedentes da norma | A aprobación e entrada en vigor da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, deseñan un novo escenario normativo tanto en materia de procedemento como de organización e funcionamento das AA PP, sobre a base da implantación da administración electrónica.<br>A posta en marcha das súas previsións puxo de relevo a necesidade, así como a conveniencia de desenvolver as mesmas e proceder á súa adecuación para garantir unha maior seguridade xurídica na súa aplicación. |
| Problemas que se pretenden solucionar coa norma | Concretar a aplicación e trasladar as normas sobre administración electrónica, de carácter básico e de aplicación ao conxunto das AA PP, ás especialidades organizativas e de funcionamento desta administración municipal. |
| Necesidade e oportunidade da súa aprobación | A Lei 39/2015 e a Lei 40/2015 recollen o marco xeral e básico en materia de administración electrónica que debe cumprir o Concello de Vigo e os organismos a el vinculados, tanto nas súas relacións cos veciños e coas veciñas, como coas demais administracións públicas.<br><br>A súa natureza normativa conleva un contido xenérico e de carácter básico que require do desenvolvemento concreto a través dunha norma regulamentaria local. |
| Obxectivos da norma | Coa norma preténdese ofrecer un marco de maior seguridade xurídica nas relacións electrónicas de cidadáns e empresas co Concello de Vigo e os organismos a el vinculados, concretando determinadas previsións das Leis, así como unha mellora na eficiencia e eficacia no funcionamento electrónicos nos servizos públicos municipais, mediante a simplificación e redución de cargas administrativas e custes de xestión. |
| Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias | A alternativa consistiría en non acometer ningún desenvolvemento regulamentario municipal, pero o establecemento dunha Ordenanza que concrete e desenvolva as normas citadas resulta máis conveniente e mesmo necesario para a aplicación práctica de determinados aspectos. Asemade, esta necesidade tamén resulta aconsellada polo espírito e finalidade das novas leis, e para acadar unha maior seguridade xurídica, sen prexuízo de que esta norma que se propón poida, no seu caso, complementarse con outras solucións regulatorias. |

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASINADO POR: Secretaria Do Goberno Local (M Concepción Campos Acuña) 2017-03-02T12:58:54+01:00 - Concelleira-secretaria Da Xunta De Goberno Local (Olga Alonso Suárez) 2017-03-03T10:30:12+01:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2017-03-03T10:59:04+01:00 -

Documento asinado

Concello de Vigo

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo a data da sinatura dixital.

CCA/me

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.

ASINADO POR: Secretaria Do Goberno Local (M Concepción Campos Acuña) 2017-03-02T12:58:54+01:00 - Concelleira-secretaria Da Xunta De Goberno Local (Olga Alonso Suárez) 2017-03-03T10:30:12+01:00 - Alcalde (Abel Ramón Caballero Álvarez) 2017-03-03T10:59:04+01:00 -

Documento asinado

Concello de Vigo

# RESOLUCIÓN

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 4 de novembro de 2016 adoptou o seguinte acordo:

> ***Primeiro.-*** *Impulsar a elaboración do Plan de Transformación Integral da administración municipal do Concello de Vigo, coa finalidade de deseñar un marco de actuación estratéxico na aliñación das diferentes obrigas legais no desenvolvemento da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.*
> ***Segundo.-*** *A dirección polílltica do Plan corresponderalle ao Concelleiro Ddo. de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, quedando facultado para a adopción das medidas executivas e de desenvolvemento que resulten precisas.*
> ***Terceiro.-*** *Constituir, a efectos de garantir a realización dos traballos materiais precisos, a Comisión Técnica do Plan, que se integrará por:*
>
> - *O Xefe do Servizo de Administración Electrónica, D. Antonio Villanueva Guimeráns*
> - *A Titular da Asesoría Xurídica Municipal, Dna. Margarita Parajó Calvo*
> - *A Secretaría do Goberno Local, Dna. Mª Concepción Campos Acuña*
> - *O Tesoureiro Municipal, D. Luis García Álvarez*
> - *A Xefa de Servizo de Inspección de Tributos, Dna. Mª del Carmen Pazos Area*
>
> *que poderá propoñer ao órgano competente a adopción das medidas necesarias para garantizar a consecución dos obxectivos previstos no Plan.*
> ***Cuarto.-*** *Todas as áreas e servizos municipais deberán colaborar no desenvolvemento dos traballos de elaboración, desenvolvemento e execución do Plan, e cando así resulte oportuno, a Comisión Técnica proporá ao Concelleiro responsable a constitución, mediante a respectiva resolución, de Grupos de Traballo Sectoriais nos que deberán integrarse, alomenos, os responsables das áreas e servizos municipais afectados, aos qeu corresponderá a responsabilidade na tramitación dos expediente que afecten ao seu ámbito competencial que se deriven do Plan, coa correspondente emisión de informe-proposta e seguimento na súa execución.*
> ***Quinto.-*** *De resultar necesario, para a concreción deste Plan, o despliegue de producción normativa local á que resulte de aplicación o tramite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, ésta desenvolverase, con carácter previo á redacción do texto normativo, a través de https://consulta.vigo.org/, durante un prazo de 20 días hábiles.*
> ***Sexto.-*** *Dar traslado do presente acordo aos afectados, notificar individualmente a todos os Xefes de Área e de Servizo e ordear a súa publicación na Intranet municipal, na Sede electrónica municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, para asegurar o xeral coñecemento do mesmo pola cidadanía e do conxunto da organización municipal.*

A composición da Comisión Técnica ampliouse con posterioridade por acordo da Xunta de Goberno Local do 20 de xaneiro de 2017, incorporando ao Interventor Xeral á mesma, e dentro da metodoloxía e planificación acordada os traballos sectoriais están sendo abordados a través de diferentes Grupos de Traballo. Na actualidade están constituídos o GT de Rexistro electrónico, o GT do Esquema Nacional de Seguridade e do Esquema Nacional de Interoperabilidade, unicamente afectando ao ENI os traballos relativos á Política de Sinatura e Selo Electrónico de Certificados da Administración e o GT de Contratación electrónica.

Documento asinado
ASINADO POR: Secretaria Do Goberno Local (M Concepción Campos Acuña) 2017-03-06T14:52:55+01:00 - Concelleiro Xes. Municipal Persoal Patrimonio E Adm Electronica (Francisco Javier Pardo Espiñeira) 2017-03-06T15:17:26+01:00 - Secretaria Do Goberno Local (M Concepción Campos Acuña) 2017-03-08T09:02:32+01:00 -

Concello de Vigo

No marco dos traballos encomendados pola Xunta de Goberno no citado acordo e reunida a Comisión Técnica do Plan o día 24 de febreiro, coa totalidade dos seus membros, levouse a cabo a valoración do estado de execución das accións xa emprendidas e de novas accións a emprender, dende a consideración de que nos mesmos deben integrarse os obxectivos da aplicación do Real Decreto 4/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade (ENI), como conxunto de criterios e recomendacións en materia de seguridade, conservación e normalización da información, dos formatos e das aplicacións que deberán ser tidos en conta polas Administracións Públicas para a toma de decisións tecnolóxicas que garantan a interoperabilidade. Esta normativa oriéntase á creación das condicións necesarias para garantir o adecuado nivel de interoperabilidade técnica, semántica e organizativa dos sistemas e aplicacións empregados polas Administracións públicas. Así se establece no artigo 156 LRJSP, de xeito que o seu ámbito de aplicación alcanza a:

- Á Administración Xeral do Estado, Administracións das Comunidades Autónomas e ás Entidades que integran a Administración Local, así como ás entidades de dereito público vinculadas ou dependentes das mesmas.
- Aos cidadáns nas súas relacións coas Administracións Públicas.
- Ás relacións entre as distintas Administracións Públicas

Ante este escenario considerouse prioritario proceder á constitución do Grupo de Traballo Sectorial de Interoperabilidade, para a definitiva adecuación ao disposto no ENI, así como disposicións derivadas, como Resolución de 28 de xuño de 2012, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, de aprobación da Norma Técnica de Interoperabilidade de Política de xestión de documentos electrónicos, en cumprimento do establecido na Disposición Adicional Primeira do ENI, e conforme a que a política de xestión de documentos electrónicos incluirá directrices para a asignación de responsabilidades, tanto directivas como profesionais, e a definición dos programas, procesos e controis de xestión de documentos e administración dos repositorios electrónicos, e a documentación dos mesmos, a desenvolver polas Administracións públicas e polas Entidades de Dereito Público vinculadas ou dependentes daquelas. Nese senso os traballos terán por obxecto, nunha primeira fase, a aprobación dunha política de xestión documental conforme á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) e Lei 40/2015, de 1 outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRJSP), sen prexuízo da posterior ampliación a diferentes fases.

En particular, e en relación coa implantación dunha política de xestión documental, debe aliñarse coa obriga de implantación do arquivo de documentos, de conformidade co establecido no artigo 17 LPAC e 46 LRJSP que recolle a obriga de todas as Administracións de manter un arquivo electrónico único dos documentos electrónicos que correspondan a procedementos rematados, documentos que deberán axustarse á súa configuración prevista no artigo 26 LPAC, e que deberán se deberán nun formato que permita garantir a autenticidade, integridade e conservación do documento, así como a súa consulta con independencia do tempo transcorrido dende a súa emisión, asegurando a posibilidade de trasladar os datos a outros formatos e soportes que garantan o acceso dende diferentes aplicacións.

ASINADO POR: Secretaria Do Goberno Local (M Concepción Campos Acuña) 2017-03-06T14:52:55+01:00 - Concelleiro Xes. Municipal Persoal Patrimonio E Adm Electronica (Francisco Javier Pardo Espiñeira) 2017-03-06T15:17:26+01:00 - Secretaria Do Goberno Local (M Concepción Campos Acuña) 2017-03-08T09:02:32+01:00 -
Documento asinado

ASINADO POR: Secretaria Do Goberno Local (M Concepción Campos Acuña) 2017-03-06T14:52:55+01:00 - Concelleiro Xes. Municipal Persoal Patrimonio E Adm Electronica (Francisco Javier Pardo Espiñeira) 2017-03-06T15:17:26+01:00 - Secretaria Do Goberno Local (M Concepción Campos Acuña) 2017-03-08T09:02:32+01:00 -

Documento asinado

Concello de Vigo

O desenvolvemento dos traballos deberá conxugarse coa temporalización establecida na norma, por canto a Disposición final sétima da LPAC sinala que as previsións relativas ao arquivo electrónico producirán efectos aos dous anos da entrada en vigor da Lei e co mecanismo establecido na Disposición Adicional Segunda, en canto ao establecemento pola Administración Xeral do Estado de plataformas e rexistros de adhesión voluntaria, aínda que en aplicación combinada co principio de eficiencia nos termos sinalados no artigo 7 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidadede Financeira.

As esixencias de calidade dos traballos requiren unha composición multidisciplinar e na que se alineen os traballos do Concello co Organismo Autónomo da Xerencia Municipal de Urbanismo, dada a súa integración no ámbito subxectivo do Plan de Transformación Dixital da administración municipal, polo que a Comisión Técnica do Plan, no exercicio das súas funcións, nos termos establecidos no apartado terceiro do citado acordo da Xunta de Goberno Local, á vista das consideracións expostas na toma de decisións en ámbitos de tanta relevancia, reunida en sesión do 24 de febreiro de 2017 acordou propoñer ao Concelleiro Delegado de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica sobre constitución de Grupos de Traballo sectoriais para a súa consideración, a constitución do Grupo de Traballo Sectorial do Esquema Nacional de Interoperabilidade, coa seguinte estrutura:

- Dª Dolores Espiño Collazo, Xefa de Área de Réxime Interior
- Dª Carolina Pérez Aguilera , Xefa do Arquivo da XMU
- D. Pablo Sevilla Valcárcel, Técnico responsable de Administración Electrónica da XMU
- D. Luis Iglesias Rejas, Programador de Sistemas do Servizo municipal de Administración Electrónica.

asistidos no seu labor pola Comisión Técnica do Plan de Transformación Integral da administración municipal de Vigo, coa finalidade de definir e propor as actuacións concretas para o axeitado desenvolvemento do novo marco normativo, nesta materia.

Polo exposto, e á vista da proposta formulada pola Comisión Técnica do Plan de Transformación Integral da administración municipal do Concello de Vigo, en execución das competencias atribuídas por delegación a esta Concellería por Resolución de Alcaldía do 19 de xuño de 2015, e por acordo a Xunta de Goberno Local de data 4 de novembro de 2016,

**RESOLVO:**

**<u>Primeiro</u>.-** Constituír o Grupo de Traballo Sectorial do Esquema Nacional de Interoperabilidade, no que se integrarán:

- Dª Dolores Espiño Collazo, Xefa de Área de Réxime Interior
- Dª Carolina Pérez Aguilera , Xefa do Arquivo da XMU

- D. Pablo Sevilla Valcárcel, Técnico responsable de administración electrónica da XMU
- D. Luis Iglesias Rejas, Programador de Sistemas do Servizo municipal de Administración Electrónica.

asistidos no seu labor pola Comisión Técnica do Plan de Transformación Integral da administración municipal do Concello de Vigo, coa finalidade de definir e propor as actuacións concretas para o axeitado desenvolvemento do novo marco normativo, nesta materia.

**Segundo.**- Para o desenvolvemento das funcións encomendadas os Grupos de Traballo Sectorial do Esquema Nacional de Interoperabilidade contarán coa colaboración de todos os Servizos e Áreas municipais, en canto sexan requiridos.

**Terceiro.**-Dar traslado do presente acordo aos membros da Comisión Técnica do Plan de Transformación Integral da Administración Municipal do Concello de Vigo, ao membros dos Grupos de traballo sectoriais constituídos e á Xunta de Goberno Local, así como dar publicidade ao mesmo a través da súa inserción na Intranet municipal e no Portal da Transparencia municipal.

CCA

Vigo, data de sinatura dixital. O Concelleiro Delegado de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica: Francisco Javier Pardo Espiñeira.
Dou fe, A Secretaria de Goberno Local: Mª Concepción Campos Acuña

ASINADO POR: Secretaria Do Goberno Local (M Concepción Campos Acuña) 2017-03-06T14:52:55+01:00 - Concelleiro Xes. Municipal Persoal Patrimonio E Adm Electronica (Francisco Javier Pardo Espiñeira) 2017-03-06T15:17:26+01:00 - Secretaria Do Goberno Local (M Concepción Campos Acuña) 2017-03-08T09:02:32+01:00 -

Documento asinado

ASINADO POR: Secretaria Do Goberno Local (M Concepción Campos Acuña) 2017-04-21T09:40:09+02:00 - Concelleiro Xes. Municipal Persoal Patrimonio E Adm Electronica (Francisco Javier Pardo Espiñeira) 2017-04-21T10:53:51+02:00 -

Documento asinado



# RESOLUCIÓN
## DISOLUCIÓN GRUPO DE TRABALLO ENS e ENI

Para asumir os novos retos derivados do novo marco normativo, nomeadamente Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC) e Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP), e a expansión das tecnoloxías da información temporalizando a execución das novas obrigas, resultou oportuno un plantexamento de natureza transversal, que permitise deseñar unha estratexia global e garantir o impulso do proceso de transformación no conxunto da administración do Concello de Vigo. Para iso deseñouse un marco de actuación a través dun plan de transformación integral cos seus correspondentes procesos e sobre a base duns equipos de traballo impulsores do seu desenvolvemento e execución.

En base a estes antecedentes, tomáronse os seguintes acordos:

A Xunta de Goberno Local, en sesións do 04 de novembro de 2016 e do 20 de xaneiro de 2017 acordou constituír,a Comisión Técnica do Plan de Transformación Integral da Admon. Municipal do Concello de Vigo integrada por:

1. O Xefe do Servizo de Administración Electrónica, D. Antonio Villanueva Guimeráns
2. A Titular da Asesoría Xurídica Municipal, Dna. Margarita Parajó Calvo
3. A Secretaría do Goberno Local, Dna. Mª Concepción Campos Acuña
4. O Tesoureiro Municipal, D. Luis García Álvarez
5. A Xefa de Servizo de Inspección de Tributos, Dna. Mª del Carmen Pazos Area
6. O Interventor Xeral Municipal, D. Alberto Escariz Couso.

Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de novembro de 2016 aprobou o documento de “Medidas de Implementación das Leis 39/2015 e 40/2015 (Expte.7981/113)”.

Para o adecuado desenvolvemento dos traballos de elaboración e posta en marcha do Plan e garantir a adecuación sectorial dos amplos contidos afectados por Resolucións do Concelleiro-Delegado de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Admon. Electrónica de datas 18/11/16 (Rexistro e ENI-ENS) 16/12/16 (Contratación) 27/12/16 (Modificación Rexistro),08/03/17 (interoperabilidad), das que se deu conta á Xunta de Goberno Local, reunións do 30/12/16 e 23/03/17, foron constituídos os seguintes Grupos de Traballo Sectorial do Rexistro Electrónico, do Esquema Nacional de Seguridade e Esquema Nacional de Interoperabilidade, de Contratación e do Esquema Nacional de Interoperabilidade (no ámbito da Política de Xestión Documental).

A constitución do Grupo de Traballo Sectorial ENS e ENI resultaba precisa porque a normativa en vigor, en particular ás citadas LPAC e LRJSP contemplan a necesidade de

ASINADO POR: Secretaria Do Goberno Local (M Concepción Campos Acuña) 2017-04-21T09:40:09+02:00 - Concelleiro Xes. Municipal Persoal Patrimonio E Adm Electronica (Francisco Javier Pardo Espiñeira) 2017-04-21T10:53:51+02:00 -

Documento asinado

adaptación ao ENS a través de diferentes instrumentos, entre outros, no rexistro electrónico, no arquivo electrónico, validez e eficacia das copias realizadas pola administración, transmisión de datos entre AA PP ou transferencia tecnolóxica no sector público, entre outros aspectos. Desta nova regulación despréndese a importancia que ten, para o desenvolvemento do procedemento administrativo así como para a obrigada relación con outras administracións, a implantación do ENS e do ENI, sendo necesario, para dar debido cumprimento ás prescricións establecidas, abordar unha serie de accións que aconsellan a constitución dun Grupo de Traballo sectorial, para a implantación do Esquema Nacional de Seguridade. Por outra banda, ademais das obrigas de difusión, contidas nas medidas de interoperabilidade, organizativa e semántica do ENI, é necesaria a constante adaptación dos sistemas propios do Concello de Vigo para poder cumprir coa interoperabilidade técnica que obriga á asunción dos estándares e á constante adaptación ás normas técnicas de interoperabilidade, a dita adaptación dos sistemas levase a termo por parte do Servizo de Administración Electrónica.

Como resultado dos traballos do Grupo de Traballo Sectorial ENS e ENI, integrado pola Xefatura da Área do Recursos Humanos e Formación e polo Técnico de Sistemas do Servizo de Administración Electrónica, Francisco Mourelle, asistidos no seu labor pola Comisión Técnica do Plan de Transformación Integral da administración municipal de Vigo e a instancia da Comisión Técnica, a Xunta de Goberno en sesión de data 30 de decembro de 2016 adoptou o seguinte acordo relativo á “Política de Seguridade da Información”, (Expte. 6870/113)” coa seguinte parte dispositiva:

*“1.- Aprobar o documento de “Politica de Seguridade da Información” dentro do marco normativo do Real Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade.*
*Esta Política de Seguridade da Información é efectiva desde a data de aprobación da mesma en Xunta de Goberno Local e ata que sexa substituída por unha nova Política.*

*2.- Publicar o documento de “Politica de Seguridade da Información” na Sede Electrónica do Concello de Vigo así como nos sistemas internos de información como Intranet e Portal do Empregado para garantir a súa máxima difusión entre o persoal municipal.*

*3.- Tomar coñecemento da documentación esixida dentro do marco do organizativo do ENS formado por:*
- *Informe de Análise de Riscos.*
- *Plan de adecuación ao Esquema Nacional de Seguridade.*
- *Plan de mellora da seguridade.*

*4.- Tomar coñecemento do Documento de Seguridade, de acordo co artigo 88 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro de 1999, de protección de datos de carácter persoal.”*

Na mesma liña, por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en data 16 de marzo do ano 2017 procedeuse á aprobación da “Normativa Técnica do ENS”.(Expte. 8109/113)”, coa seguinte parte dispositiva:

ASINADO POR: Secretaria Do Goberno Local (M Concepción Campos Acuña) 2017-04-21T09:40:09+02:00 - Concelleiro Xes. Municipal Persoal Patrimonio E Adm Electronica (Francisco Javier Pardo Espiñeira) 2017-04-21T10:53:51+02:00 -
Documento asinado

1. *"Aprobar dentro do marco normativo do Real Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade, a seguinte normativa técnica acordada polo Comité de Seguridade en data 07/03/2016:*
   - *NO-01 Normativa de seguridade da información*
     *Este documento contén os principios básicos xerais polos que se debe rexir o uso dos sistemas de información co Concello de Vigo.*
   - *NO-02 Normativa de utilización dos recursos e sistemas de información*
     *Este documento contén a Normativa Xeral de Utilización dos Recursos e Sistemas Información do Concello de Vigo, xestionados ou baixo a responsabilidade do Concello de Vigo, sinalando así mesmo os compromisos que adquiren os seus usuarios respecto da súa seguridade e bo uso*
   - *NO-03 Normas de acceso a Internet*
     *O obxectivo desta norma é regular o acceso a Internet por parte dos usuarios dos Sistemas de Información do Concello de Vigo posibilitando a homoxeneización de criterios dentro das súas unidades administrativas e definindo unhas regras de uso que deberán ser coñecidas e observadas por todos os usuarios.*
   - *NO-04 Normas de uso do correo electrónico*
     *O obxectivo desta norma é regular o acceso e utilización do correo electrónico (e-mail) por parte dos usuarios dos Sistemas de Información do Concello de Vigo, desde as distintas sedes do Concello de Vigo ou a través delas, posibilitando a homoxeneización de criterios dentro das súas unidades administrativas e definindo unhas regras de uso que deberán ser coñecidas e observadas por todos os usuarios.*
   - *NO-05 Normas para traballar fóra das instalacións*
     *O obxectivo desta norma é regular o traballo do persoal do Concello de Vigo cando desenvolva a súa actividade profesional fóra dos edificios, dependencias ou instalacións do Concello de Vigo posibilitando a homoxeneización de criterios dentro das súas unidades administrativas e definindo unhas regras de uso que deberán ser coñecidas e observadas por todos os usuarios.*
   - *NO-06 Normas de creación e uso de contrasinais*
     *O obxectivo desta norma é regular a creación e uso de contrasinais robustas, cando este sexa o mecanismo de autenticación usado para o acceso a determinados sistemas ou servizos do Concello de Vigo.*
   - *NO-07 Acordo de confidencialidade e de protección de datos de carácter persoal para terceiros*
     *O obxectivo desta norma é proporcionar un modelo de acordo de Confidencialidade e de Protección de datos de carácter persoal para Terceiros do Concello de Vigo.*
   - *NO-08 Modelo de contido de boas prácticas para terceiros*
     *O obxectivo desta norma é presentar un modelo de contido de boas prácticas para terceiros, que presten servizos no Concello de Vigo.*

2. *Aprobar dentro do marco normativo do Real Decreto 4/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade , a seguinte normativa técnica:*
   *NO-09 Políticas de certificación de certificado de empregado público*
   *O obxectivo desta norma é regular a emisión, xestión e utilización de Certificados Electrónicos de Empregado Público para traballadores e traballadoras do Concello de Vigo co propósito de identificación, sinatura electrónica e cifrado.*

ASINADO POR: Secretaria Do Goberno Local (M Concepción Campos Acuña) 2017-04-21T09:40:09+02:00 - Concelleiro Xes. Municipal Persoal Patrimonio E Adm Electronica (Francisco Javier Pardo Espiñeira) 2017-04-21T10:53:51+02:00 -

Documento asinado

3. *Aprobar a difusión interna da normativa técnica do ENS mediante o Portal do Empregado e a Intranet municipal, sen menoscabo do uso de outros medios internos de difusión se fose preciso para o seu xeral coñecemento."*

Á vista dos ditos acordos a Comisión Técnica do Plan e os propios membros do Grupo de Traballo Sectorial ENS e ENI consideran que procede declarar conclusos os traballos para os que se constituíu o Grupo e, en consecuencia, a súa disolución, sendo o Comité de Seguridade da Información ao que corresponde a coordinación da seguridade da información no Concello de Vigo, nos termos recollidos en acordo da Xunta de Goberno do 30 de decembro de 2016 e normativa de aplicación.

Polo exposto, e á vista da proposta formulada pola Comisión Técnica do Plan de Transformación Integral da administración municipal do Concello de Vigo, en execución das competencias atribuídas por delegación a esta Concellería por Resolución de Alcaldía do 19 de xuño de 2015, e por acordo a Xunta de Goberno Local de data 4 de novembro de 2016,

**RESOLVO**

**Primeiro.-** Declarar conclusos os traballos encomendados ao Grupo de Traballo do Esquema Nacional de Seguridade e do Esquema Nacional de Interoperabilidade, por ter cumprido coa finalidade de definir e propor as actuacións concretas para o axeitado desenvolvemento do novo marco normativo nesta materia asignadas por Resolución desta Concellería de data 18 de novembro de 2016, como resulta dos acordos da Xunta de Goberno de data 30 de decembro de 2016 e de 16 de marzo de 2017 e, en consecuencia, resultar procedente a súa disolución.

**Segundo.-**Dar traslado do presente acordo aos membros da Comisión Técnica do Plan de Transformación Integral da administración municipal de Vigo, ao membros dos Grupos de traballo sectoriais constituídos, e á Xunta de Goberno Local, así como dar publicidade ao mesmo a través da súa inserción na Intranet municipal e no Portal da Transparencia municipal.

Data e sinatura dixital.

O CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL, PERSOAL, PATRIMONIO E ADMON. ELECTRÓNICA-F. JAVIER PARDO ESPIÑEIRA.

A SECRETARIA DO GOBERNO LOCAL-Mª CONCEPCIÓN CAMPOS ACUÑA.